

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 15 de novembro do 2016

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do día 15 de novembro de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 2 de novembro de 2016.
- 2º.- Comunicacións previas (obra menor).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Licenza de segregación.
- 5º.- Comunicación previa (apertura).
- 6º.- Licenza de obra maior.
- 7º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 2 DE NOVEMBRO DE 2016.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 2 de novembro de 2016.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Blanco Redondo, que di actuar en representación de PROMOCIONES BLANCO BARREIRO SL, con domicilio en Chacela s/n, Burreiros, Negreira, na que comunica que vai colocar un panel na cuberta do edificio da Avd. dos Ánxeles 16, Os Ánxeles, de 12 x 0,80 metros, para evitar a entrada da humidade e sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE GONZALEZ GONZALEZ, con domicilio en Babenzo 51, Bastavales, na que comunica que vai construír un galpón de 50 m² para gardar apeiros agrícolas, no lugar de Babenzo 51, Bastavales.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en area non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Isidoro Manuel Peón Nistal que di actuar en representación de DISTRIBUCIONES FROIZ SA, con domicilio en Lourido 15, Poio (S. Salvador), Pontevedra, na que comunica que vai realizar obras de substitución do panel de cuberta actual por un novo panel similar, sen incrementar o volume da cuberta, no Centro

Comercial Monte Balado. As obras redúcense á cuberta do local propiedade de Distribuciones Froiz SA.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DEL CARMEN CAMIÑO REY, con domicilio en Lamiño 27, Brión, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na Praza do Concello 2, baixo C, Brión:

- Colocación duns montantes de aluminio e un vidro translúcido ata unha altura máxima de 1,80 metros, medidos sobre a rasante natural do terreo, nunha lonxitude de 16 metros.

- Apertura dun oco no muro existente de 1,20 metros de ancho para dar acceso á praza.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MERCEDES MATO FREIRE, con domicilio en Moldes 2, Luaña, na que solicita licenza para realizar as seguintes obras en Moldes, Luaña:

- Reparar a cuberta dun galpón de 112 m² de superficie, substituíndo a uralita existente por uralita de cor vermello, sen incrementar o seu volume.

- Recebar o penal dereito e o fronte do galpón, que actualmente está en ladrillo, pintándoo en cores claras.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRO1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 24 de outubro de 2016 (expediente 1624/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que as obras de cuberta se rematen en tella. Así mesmo, todas as fachadas do inmovible deben ficar rematadas, enfuscadas e pintadas nunha cor da gama dos brancos.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por RUTH BREA APARICIO, con domicilio en Avd. Vicente Ramos 11, Os Ánxeles, na que solicita licenza para realizar as seguintes obras en Avd. Vicente Ramos 11, Os Ánxeles:

- Arranxo da cuberta do alpendre de 50 m² de superficie, substituíndo a cobertura actual por uralita e tella, sen incrementar o seu volume.

- Substituír a porta existente do garaxe por outra de metal.

- Na fachada principal da vivenda, eliminarase o cintado branco da pedra, o cartel "el paraíso", o recebo da parte baixa da vivenda deixándoa en pedra e daráselle un tratamento antihumidade.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 25 de outubro de 2016 (expediente 1794/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que se pinte de branco a fachada e se enfusque o morteiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Santiago Vázquez Alcalá, que di actuar en representación de MARIA PILAR LOPEZ FREIRE, con domicilio na Rúa Francisco López García 40, 2º, Melide, na que solicita licenza de obra para construír un peche de parcela, con pedra de granito, de 44 metros de lonxitude e a 4 metros do eixo da estrada, en Guitiande 69, Os Ánxeles.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 25 de outubro de 2016 (expediente 1777/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche será ou ben de muro de fábrica de pedra ou ben de calqueira outra fábrica enfuscada e pintada en branco.

- En ningún caso a altura do muro superará os 1,5 metros de altura.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por SANTIAGO REY IGLESIAS, con domicilio en Vioxo de Abaixo 10, Luaña, na que solicita licenza para realizar as seguintes obras en Vioxo de Abaixo, Luaña:

- Recebar e pintar o lateral e a parte traseira do garaxe, de 38 m² de superficie.

- Substituír dúas uralitas rotas na cuberta por outras novas.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRO1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 25 de outubro de 2016 (expediente 1776/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que as fachadas se pinten de branco e que sobre o fibrocemento se coloque tella.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por José Quintáns Novo, que di actuar en representación de CONCEPCION NOVO FERNANDEZ, con domicilio na Praza de Santo Antonio 6, Os Ánxeles, na que solicita licenza de obra para restaurar e pintar un hórreo situado na Praza Santo Antonio 6, Os Ánxeles, facendo as seguintes actuacións:

- Lavado con máquina a presión.

- Reparación con cemento das gretas existentes.

- Pintado dos balaustres de cemento con pintura plástica marrón.

- Pintado da porta con esmalte marrón.

- Pintado das cornixas, pilastras e parte traseira con polipetra (imitación á pedra).

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 26 de outubro de 2016 (expediente 1798/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que non se empregue polipetra, deixando á vista o cemento, ou pintado nunha cor que se integre no contorno.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA ROSA BELLO REY, con domicilio na Avd. Santa Minia 91, Brión, na que solicita licenza de obra para restaurar un hórreo na Avd. Santa Minia 91, Brión, segundo proxecto de rehabilitación redactado polo arquitecto Ricardo Aneiros Rodríguez.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 26 de outubro de 2016 (expediente 301/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen

prexuízo de terceiros, coa condición de que tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, achegarse á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final asinada por técnico competente, que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en cada unha das súas fases, incorporándose ademais unha reportaxe fotográfica do estado anterior á intervención e do resultado final. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha instancia presentada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION SA, con domicilio na Avd. Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde o punto de acceso á rede (PAR) existente ata a CPM a instalar polo cliente, cunha lonxitude total de canalización de 28 metros, no lugar de Guitiande, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 676,92 €, que deberá presentar no concello con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Sánchez Vázquez, que di actuar en representación de MARIA HERMO BARREIRO, con domicilio en Pérros 30, Os Ánxeles, na que solicita licenza de segregación da finca 618 de concentración parcelaria dos Ánxeles, segundo proxecto redactado pola enxeñeira técnica agrícola Cristina Sánchez Vázquez.

Descrición parcela matriz:

Finca 618 de concentración parcelaria dos Ánxeles.

Referencia catastral: 7036409NH2473N0001WM.

Superficie segundo medición recente: 3.445 m²

Clasificación urbanística: en parte solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL1) e en parte solo apto para urbanizar, o cal, segundo a disposición transitoria 1ª. 2 da Lei 2/2012 do solo de Galicia, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

Lindes:

Norte: zona urbana de Pérros (outra de herdeiros de Manuel Freire e Jesús Vidal), Ignacio Jorge Carreira (619) e Manuel Crismán Framil (620).

Sur: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Leste: parcela segregada de Victoria Freire Hermo.

Oeste: estrada da Picaraña á Gándara (AC-300).

Sobre esta parcela hai tres edificacións, unha dedicada a vivenda e dous almacéns.

Segregación pretendida:

Parcela A.

Superficie: 772 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL1).

Lindes:

Norte: zona urbana de Pérros (outra de herdeiros de Manuel Freire e Jesús Vidal), Ignacio Jorge Carreira (619).

Sur: termina en punta con estrada da Picaraña á Gándara (AC-300).

Leste: parcela B procedente desta segregación.

Oeste: estrada da Picaraña á Gándara (AC-300).

Sobre esta parcela hai dúas edificacións dedicadas a almacén, que ocupan sobre a finca un fondo de 21,25 m², igual á superficie total construída.

Parcela B.

Superficie: 688 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL1).

Lindes:

Norte: parcela A procedente desta segregación e Ignacio Jorge Carreira (619).

Sur: camiño de concentración parcelaria.

Leste: parcela C procedente desta segregación.

Oeste: estrada da Picaraña á Gándara (AC-300).

Sobre esta parcela hai unha edificación dedicada a vivenda de planta baixa e alta, que ocupa sobre a finca un fondo de 108 m² e a superficie total construída é de 185 m².

Parcela C.

Superficie: 878,50 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL1).

Lindes:

Norte: Ignacio Jorge Carreira (619) e Manuel Crismán Framil (620).

Sur: camiño de concentración parcelaria.

Leste: parcela D procedente desta segregación.

Oeste: parcela B procedente desta segregación.

Parcela D.

Superficie: 1.106,50 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL1) e solo rústico de protección ordinaria.

Lindes:

Norte: Manuel Crismán Framil (620).

Sur: camiño de concentración parcelaria.

Leste: Victoria Freire Hermo.

Oeste: parcela C procedente desta segregación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, informando á ainteresada que no caso de que pretenda construír novas edificacións nas parcelas segregadas, deberá proceder á cesión dos terreos afectados pola traza viaria, que se cumprimentará con ocasión do procedemento de concesión de licenza de obras, no seu día.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María del Pilar Prieto Cajaraville, con domicilio na Estación do Casal 34, Santiago, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de perruquería na Urbanización Balneario do Tremo 2, 1ºB, Os Ánxeles, por arrendamento de local.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Eva González Brea e preténdese poñer a nome de María del Pilar Prieto Cajaraville.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de perruquería, situada na Urbanización Balneario do Tremo 2, 1ºB, Os Ánxeles a nome de María del Pilar Prieto Cajaraville.

SEXTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha solicitude presentada por José Luis Sampedro Bouzas, que di actuar en representación de COMERCIAL BASTAVALES SC, con domicilio en Vioxo de Abaixo 9, Luaña, na que comunica que vai realizar obras de acondicionamento dun local para o comercio polo miúdo de pensos, semillas, abonos, artigos de xardinería, ferretería, menaxe e fitosanitarios, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial Joaquín Tarrío Sedoite, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais o 24/10/2016 (visado 1872/16-ST), no lugar de San Salvador 17, San Salvador.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza (UC1).

O concelleiro José Luis Sampedro Bouzas abstense no debate e votación deste acordo ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Unha vez rematadas as obras de acondicionamento do local comercial para comercio polo miúdo, con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar a oportuna comunicación previa de actividade, de acordo co establecido ao respecto pola Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, acompañando a seguinte documentación:
 - Certificado de solidez da edificación.
 - Certificado final de obra visado.
 - Certificado emitido por empresa homologada no referente ao cumprimento das condicións acústicas conforme á Lei 37/2003 do ruído e o Real Decreto 1367/2007 de desenvolvemento.
 - Informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.40 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González